

## Unidade 09. Relatamos unha viaxe

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Gramática

1. Completa as oracións co verbo que describen as ilustracións.



Elas **reman** na traíñeira. Ela **canta** na orquestra. El **le** unha novela.

2.- Rodea os verbos de cada oración, e escribe o infinitivo e a conjugación.

- **Carguei** ao lombo a miña bicicleta. **Cargar, 1.ª conjugación**
- Eles **fan** os deberes despois de **merendar**. **Facer, 2.ª conjugación; merendar, 1.ª conjugación.**
- Pedro e mais eu **iremos** ao ciñe mañá. **Ir, 3.ª conjugación.**

3.- Clasifica as formas verbais.



Eu leo un conto.  
Tí que les?



Ela le o xornal.  
Vós que ledes?



Nós lemos unha revista.  
Eles len un conto.

	1.ª persoa	2.ª persoa	3.ª persoa
Singular	<b>leo</b>	<b>les</b>	<b>le</b>
Plural	<b>lemos</b>	<b>ledes</b>	<b>len</b>

**4. Analiza as palabras destacadas da seguinte oración.**

**Ti** e Manolo **varredes** **o** chan da **casa** **nova**.

- **ti** → **pronome persoal 2.ª persoa do singular**
- **varredes** → **2.ª persoa do singular do presente de indicativo do verbo varrer.**
- **o** → **artigo determinado masculino singular.**
- **casa** → **substantivo feminino singular.**
- **nova** → **adxectivo feminino singular.**

# Unidade 09. Relatamos unha viaxe

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_


## Ortografía

### 1. Une cada palabra co que expresa.

Ai!	•	→	•	Forma do verbo <i>haber</i> .
Aí	•	→	•	Indica un lugar.
Hai	•	→	•	Expresa unha emoción.

### 2. Completa as oracións con **aí**, **hai** e **ai!**

- Na mesa **hai** moitos libros de aventuras.
- **Aí** teño os aparellos do xardín.
- **Ai!**, que canso estou de tanto xogar.
- **Ai!**, que ben!, aprobei todas as materias.
- Hoxe **hai** que facer moitos deberes.



### 3. Fai unha oración con cada unha das seguintes palabras: **hai**, **ai** e **aí!**

#### Resposta libre

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

• \_\_\_\_\_

#### 4. Ditado

---

---

---

---

---

---

---

---

## Unidade 09. Relatamos unha viaxe

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Literatura

#### 1 Le atentamente.

#### Edipo e o enigma da esfínxe

A esfínxe era un monstro que tiña a cabeza de muller, patas de león e unhas enormes ás de aguiá. Hera, deusa do Olimpo, mandoulle apostarse no medio do camiño a Tebas.

Edipo viaxaba á cidade e para chegar a ela tiña que resolver o enigma da esfínxe, esta preguntoulle:

-Onde vas; viaxeiro?

-A Tebas –respondeu Edipo.

-Non pasarás se non acertas a resposta a un enigma.

-Cal é, pois?

-Só ten unha voz, e anda con catro pés pola mañá, dous ao mediodía e tres pola noite.


Edipo escoitou o enigma con moita atención, esforzándose. Pasou máis dunha hora pensando sen descanso e por fin con voz clara dixo:

-A solución é o home. O home ten unha voz coa que fala, Pola mañá, é dicir, cando é un bebé vai a catro patas porque gatea. Cando chega a adulto e se encontra no mediodía da súa vida, camiña sobre os dous pés. En cambio, pola noite, cando vai vello, tense que apoiar nun bastón, o terceiro pé, e anda con dificultade. Edipo, feliz coa súa vitoria, continuou o seu camiño a Tebas.

María ANGELIDOU

*Fábulas de Esopo*

*Vicens Vives*



## 2. Contesta.

- Como se chama o personaxe principal? **Edipo.**
- Que lle ocorre? **Ten que resolver o enigma da esfínxe.**
- Quen é Hera? Que lle manda facer á Esfínxe? **Hera é a deusa do Olimpo. A esfínxe mándalle acertar a resposta a un enigma.**
- É a esfínxe un personaxe real? **Non, a esfínxe é un monstro con cabeza de muller, patas de león e ás de aguiá.**

## 3 Escribe o enigma e a solución.

**Enigma: Só ten unha voz, e anda con catro pés pola mañá (infancia), dous ao mediodía (adulto) e tres pola noite (vellez).**

**Solución: o home.**

---

## Unidade 09. Relatamos unha viaxe


Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Técnicas de estudo

Cando estudamos e necesitamos buscar información, podemos facelo nos dicionarios, enciclopedias... Todo isto podemos encontralo nunha **biblioteca**.

Ademais de libros hai xornais, revistas, ordenadores, exposicións ...

Está dividida en seccións: infantil, xuvenil, libros de consulta...



### 1 Contesta as seguintes preguntas.

#### Todas estas preguntas son de resposta libre.

- A biblioteca da túa escola ten servizo de préstamo? \_\_\_\_\_
- Utilizas ese servizo? \_\_\_\_\_
- Cantos libros adoitas levar? \_\_\_\_\_
- Na túa localidade, hai bibliotecas públicas que visitaches cos teus pais?  
\_\_\_\_\_
- Nunha biblioteca, en que sección atoparás material axeitado para ti?  
\_\_\_\_\_
- Enumera cinco cousas que podes facer nunha biblioteca.
  1. \_\_\_\_\_
  2. \_\_\_\_\_
  3. \_\_\_\_\_
  4. \_\_\_\_\_

5. \_\_\_\_\_

2. Debuxa a biblioteca da túa escola ou da túa vila.

